


RESPECTAMOS OS SERES VIVOS

- Debemos respectar os animais e as plantas que viven na natureza.
- Temos que coidar das nosas mascotas e das plantas que temos na casa.

1º Une cada mascota cos obxectos que serven para coidala.



gato

can

peixe


paxaro

2º Marca que debemos facer cando temos un can como mascota.

- ☐ Sacalo a pasear varias veces ao día.
- ☐ Deixalo moito tempo só na casa.
- ☐ Levalo ao veterinario para vacinalo.
- ☐ Darlle auga e comida todos os días.
- ☐ Non xogar con el.

3º Escribe a que mascota pertence cada obxecto.









Para coidar das plantas, debemos:

- Coidar dos bosques.
- Non arrancar as plantas nin facer lume no campo.
- Regar as plantas dos testos e poñelas ao sol.

4º

Subliña que pasa cando contaminamos o chan.

- Os animais non poden vivir nin construír as súas casas.
- Crecen as plantas e viven moitos animais.
- Morren as plantas.

5º Contesta si ou non.

Podemos facer lume no campo.

☐

Debemos regar as plantas.

☐

Debemos molestar os animais salvaxes.

☐

		Algúns animais, como o lince, o oso panda, o elefante, o orangután ou a tartaruga mariña, están en perigo de desaparecer porque algunhas persoas os cazan ou danan o medio onde viven.
		

6º Marca cun X os animais que estén en perigo de extinción

Lince

Elefante

Rato

Cervo

Gorila

Pescada

E agora observando os debuxos:

